ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que a Presidencia da Comisión Informativa de asuntos xerais ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a necesidade de proceder a sinatura da adhesión ao convenio marco da Xunta de Galicia e Ecombalajes España SA, para a xestión de residuos de envases lixeiros e de papel e cartón que debe estar aprobado antes do 30 de abril de 2026 así como a urxencia da aprobación do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Oroso para a realización das obras de acondicionamento e mellora do entorno do Camiño Inglés no Paseo do Carboeiro (Fase I).

Tendo en conta que conforme establece o artigo 78.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, son sesións extraordinarias aquelas que convoque o Alcalde ou Presidente con tal carácter.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26/06/2023, acordou ter sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas salvo o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas; e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA que o artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que as comisións informativas (CI) son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno do Concello e da Xunta de Goberno local cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes; e que o 26/06/2023 o Pleno do Concello, creou as CI de asuntos xerais, especial de contas, facenda e patrimonio, ordenación do territorio e urbanismo e familia, benestar, igualdade, cultura e ensino e mulleres.).

CVD: kEf01d7Nh1w6Y89LL6LS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/

CONSIDERANDO a existencia de asuntos que requiren do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, ao tratarse dunha competencia do Pleno da Corporación, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO: CONVOCAR unha sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Asuntos Xerais que terá lugar o:

Día 20/04/2026.

Hora: 08:30 horas en 1ª convocatoria e, se procedese, ás 09:30 horas a 2ª. Convocatoria.

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1º.- Aprobar se procede a adhesión do Concello de Oroso ao convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada de residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel cartón dun só uso. (EXP.2026/A006/000004).

2º.-Aprobar se procede o acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Oroso para a realización das obras de acondicionamento e mellora do entorno do Camiño Inglés no Paseo do Carboeiro (Fase I). (EXP. 2024/A006/000027).

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da CI, REMITÍNDOLLES a propostas de resolución do asunto incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (https://sede.oroso.gal/opencms/gl/) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso, asinado dixitalmente
O Secretario.
Federico Suárez Cancelo.

CVD: kEf01d7Nh1w6Y89LL6LS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/